

MCC/cbc

RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL

EXPEDIENTE	2022002701
ASUNTO	APROBACIÓN DA LISTA DEFINITIVA DE CENTROS EDUCATIVOS ADMITIDOS, EXCLUÍDOS E DESISTIDOS PARA PARTICIPAR NOS PREMIOS DEMO DAY CORRESPONDENTES AO PROGRAMA "DEPOEMPRENDE" 2021-2022. MODALIDADE DO PROXECTO: "DEPOEMPRENDE NA FP"
TRÁMITE	RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL

A Deputada Delegada de Promoción Económica e Emprego, en virtude das competencias delegadas da Presidencia, dita a seguinte RESOLUCIÓN:

Visto o informe-proposta do Xefe do Servizo de Promoción do Emprego e Desenvolvemento Local de data 16 de marzo de 2022, co seguinte teor literal:

"ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Na data 2 de febreiro de 2021 con número 2022000867 emítase Resolución Presidencial pola que se aproban as bases reguladoras e a convocatoria dos Premios Demo Day correspondentes ao programa "DepoEmprende" 2021-2022, modalidade do proxecto: "DepoEmprende na FP", dirixida aos centros educativos de formación profesional da provincia de Pontevedra adheridos ao proxecto "DepoEmprende na FP" 2020-2021 (BOPPO, núm. 123, de 30 de xuño de 2021):

1. CIFP VALENTÍN PAZ ANDRADE
2. IES JOHAN CARBALLEIRA
3. IES DE RODEIRA
4. CFEA LOURIZÁN
5. CIFP CARLOS OROZA
6. CIFP MANUEL ANTONIO
7. CIFP A XUNQUEIRA
8. COLEGIO SAN MIGUEL S.L.
9. CEBEM FORMACIÓN PROFESIONAL (CENTRO DE FORMACIÓN PROFESIONAL DANIEL CASTELAO)

SEGUNDO.- Con data 07 de febreiro de 2022 publícanse as bases reguladoras e convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO núm. 25, de 07 de febreiro de 2022) e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), indicándose na base décimo segunda un prazo de 10 días hábiles para a presentación de solicitudes, contados a partir do día seguinte ao da publicación.

TERCEIRO.- Nas bases da convocatoria establécese o procedemento de presentación de solicitudes e os requisitos para a presentación de proxectos.

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban levar a cabo durante a tramitación deste procedemento terán que realizarse obrigatoriamente de forma electrónica a través do formulario



normalizado dispoñible en <https://sede.depo.gal>, de acordo co establecido nos artigos 14.2 e 16 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).

NORMATIVA APLICABLE

- Bases reguladoras e convocatoria dos "Premios Demo Day" correspondentes ao programa "Depoemprende" 2021-2022. Modalidade do proxecto: "Depoemprende na FP" (BOPPO núm. 25, de 07 de febreiro de 2022).
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (BOE núm. 276, de 18 de novembro de 2003).
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 28/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (BOE núm. 176, de 25 de xullo de 2006).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réximen Local (BOE núm. 80, de 3 de abril de 1985).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Común das Administracións Públicas (BOE núm. 236, de 2 de outubro de 2015).
- E demais normativa que resulte de aplicación.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS E TRATAMENTO TÉCNICO

PRIMEIRO.-Finalizado o prazo de presentación de solicitudes procedeuse á comprobación de datos esixidos na convocatoria tal e como se establece na base novena, verificando que todas as solicitudes presentadas reúnen os requisitos esixidos na convocatoria así como de participación recollidos na base 2ª das bases que regulan a convocatoria.

SEGUNDO.- De acordo coa base décimo primeira, finalizado o prazo de presentación de solicitudes, a institución provincial ditará unha resolución na que se declarará aprobada a lista provisional de centros educativos admitidos, excluídos e desistidos, que se publicará na Sede electrónica e no taboleiro de anuncios da Deputación, de conformidade co establecido no artigo 45 da LPACAP. Os centros educativos excluídos disporán dun prazo de dez (10) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da resolución, para poder emendar, no seu caso, o defecto que motivase a exclusión.

TERCEIRO.- En data 14 de marzo de 2022 o centro educativo Colexio San Miguel S.L. presenta por medio da sede electrónica, unha instancia xenérica co número de rexistro WEB2022013893, no que presenta o seu desestimento á solicitude a participar nos Premios Demo Day realizada en data 21 de febreiro de 2022 (WEB2022007759).

Por todo o exposto, en base aos antecedentes de feito, normativa aplicable e fundamentos xurídicos e tratamento técnico, PROPONSE á Presidencia e, de conformidade co disposto na Resolución Presidencial nº 2019014186, de 01 de agosto de 2019, de delegación de competencias da Presidencia e as catro modificacións (RPs de datas 10/01/2020, 11/03/2020, 18/05/2020 e 27/09/2021):

- 1.- Aprobar a lista definitiva de centros educativos admitidos, excluídos e desistidos para participar nos Premios Demo Day.
- 2.- Publicar a lista de centros educativos admitidos, excluídos e desistidos na Sede electrónica e no taboleiro de anuncios da Deputación.

A dita lista definitiva achégase como Anexo I.

A presente lista definitiva non crea dereito algún a favor dos centros educativos propostos fronte á Administración, mentres non sexa notificada a Resolución de concesión."



En virtude do anterior e, de conformidade co disposto na Resolución Presidencial nº 2019014186, de 01 de agosto de 2019, de delegación de competencias da Presidencia e as catro modificacións (RPs de datas 10/01/2020, 11/03/2020, 18/05/2020 e 27/09/2021) e considerando que se cumpren todos os requisitos legais RESOLVO:

- 1.- Aprobar a lista definitiva de centros educativos admitidos, excluídos e desistidos para participar nos Premios Demo Day.
- 2.- Publicar a lista de centros educativos admitidos, excluídos e desistidos na Sede electrónica e no taboleiro de anuncios da Deputación.

A dita lista definitiva achégase como Anexo I.

A presente lista definitiva non crea dereito algún a favor dos centros educativos propostas fronte á Administración, mentres non sexa notificada a Resolución de concesión.

Asinado dixitalmente na data que figura á marxe.



ANEXO I. Lista definitiva de centros educativos admitidos, excluídos e desistidos para participar nos Premios Demo Day (Programa "DepoEmprende" 2021-2022: Modalidade Depoemprende na FP)

Centros educativos admitidos		
1	CIFP VALENTÍN PAZ ANDRADE	VIGO
2	IES JOHAN CARBALLEIRA	BUEU
3	IES DE RODEIRA	CANGAS
4	CFEA LOURIZÁN	PONTEVEDRA
5	CIFP CARLOS OROZA	PONTEVEDRA
6	CIFP MANUEL ANTONIO	VIGO
7	CIFP A XUNQUEIRA	PONTEVEDRA
8	CEBEM FORMACIÓN PROFESIONAL (CENTRO DE FORMACION PROFESIONAL DANIEL CASTELAO)	VIGO

Centros educativos excluídos*	
Ningún	

Centros educativos desistidos	
COLEGIO SAN MIGUEL S.L.	

